



CONCELLO DE PONTE CALDELAS
SAIDA
TDSBLOW
13 JUN 2016
No.: 2296

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA N° 267/2016
MODIFICACIÓN BASES DE SELECCIÓN SOCORRISTAS 2016**

Dadas as bases de selección de tres socorristas de data 02/06/16.

Dado que a oficina de emprego achegou o listado de candidatos/as en data 08/06/16, con entrada no rexistro nº 2596.

Dado que é necesario acortar o proceso de selección a efectos de que o servizo inicie o 01/07/16.

Dada conta da base quinta.- procedemento de selección, onde dí: "...Publicarase, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a **lista provisional de admitidos/as-excluídos/as do proceso selectivo**, existindo un prazo de dous días hábiles para presentación de documentación. Se o último día hábil fose sábado, amplíase ao día hábil seguinte.

Publicarase, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a **lista definitiva de admitidos/as-excluídos/as do proceso selectivo** con indicación do horario e lugar da baremación de méritos e da realización do exame e da proba práctica..."

Dada conta do artigo 105-2) "Revocación de actos e rectificación de errores", da Lei 30/1992, que establece que as Administracións Públicas poderán, asemesmo, rectificar en calquera momento, de oficio e a instancia dos interesados, os errores materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Rectificar as bases de selección de tres socorristas de data 02/06/16, de forma que, na base Quinta, onde dí:

"...Publicarase, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a **lista provisional de admitidos/as-excluídos/as do proceso selectivo**, existindo un prazo de dous días hábiles para presentación de documentación. Se o último día hábil fose sábado, amplíase ao día hábil seguinte.

Publicarase, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a **lista definitiva de admitidos/as-excluídos/as do proceso selectivo** con indicación do horario e lugar da baremación de méritos e da realización do exame e da proba práctica..."

Debe dicir:

"...Publicarase, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, a **lista de admitidos/as-excluídos/as do proceso selectivo**, con indicación do horario e lugar da baremación de méritos e da realización do exame e da proba práctica..."

Segundo.- Que se proceda a publicar esta resolución na páxina web (www.pontecaldelas.org) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Ponte Caldelas, a 13 de xuño de 2016

O Alcalde Accidental

Asdo.: Manuel Xesús Muíños Rodríguez



A Secretaria Accidental,

Asdo.: Iria Fernández Peón

